




Concello da Coruña

Área / Unidade CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI028X	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/6250/2026 09/04/2026
Código de verificación  704Y 133S 4L4S 5B3I 01N3	Expediente 741/2026/976	
	Fecha 08-04-2026	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI027T de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 08.04.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: DECLARAR CADUCADO o procedemento de declaración da extinción do dereito de uso do nicho sinalado co núm. 8, departamento 21º, ringleira 1ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro (expediente 741/2023/711), iniciado por resolución de núm. RES/AYT/16347/2023 do 05.09.2023, por non ser resolto e notificada a resolución no prazo máximo legalmente establecido; de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO: INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 8, departamento 21º, ringleira 1ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a José López López (falecido), polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 18 de novembro de 2001; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

TERCEIRO: OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do



procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)